



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



galicia

MANUAL PARA

CESIÓN DE DEREITOS

DE PAGO BÁSICO

CAMPAÑA 2021



Xacobeo 2021

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	4
2.	TIPOS DE CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO.....	6
2.1.	COMPRAVENDA DE DEREITOS.....	6
2.1.1.	Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra (V1).....	7
2.1.2.	Venda sen terra da totalidade dos dereitos dun produtor que percibe menos de 300€ do importe total dos seus dereitos de pago básico (V2)	8
2.1.3.	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor que inicia a súa actividade agraria (V3).....	9
2.1.4.	Venda de dereitos con terra ou cesións asimiladas, hectáreas admisibles (V4)	10
	Neste tipo de cesións incluimos os seguintes tipos:	10
2.1.4.1.	Cesión definitiva de dereitos acompañada de venda parcial ou total da explotación (V4.1)	11
2.1.4.2.	Cesión definitiva de dereitos mediante contrato tripartito entre dous arrendatarios e o propietario das terras (V4.2).....	12
2.1.4.3.	Cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal (hectáreas admisibles) (V4.3)	13
2.1.4.4.	Finalización de arrendamento de terras (V4.4)	14
2.1.4.5.	Herdeiro que cede definitivamente os dereitos con arrendamento de terras (V4.5).....	15
2.1.4.6.	Cesión definitiva de dereitos acompañada dunha permuta de terras (V4.6)	16
2.1.5.	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou o cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública (V5)	17
2.1.6.	Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra a un agricultor mozo (V6).....	18
2.2.	ARRENDAMENTO DE DEREITOS	20
2.2.1.	Arrendamento de dereitos sen terra (AS)	20
2.2.2.	Arrendamento de dereitos sen terras onde o cedente ou cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión a causa dunha intervención pública (AC)	21
2.2.3.	Arrendamento de dereitos sen terra a un agricultor mozo (AJ).....	22
2.2.4.	Arrendamento de dereitos de pago básico con terra, hectáreas admisibles (AR).....	24
2.3.	FINALIZACIÓN DE ARRENDAMENTOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO	25
2.3.1.	Finalización anticipada de arrendamento de dereitos de pago básico (AA).....	25
2.3.2.	Finalización arrendamento de dereitos de pago básico (AF)	25
2.4.	CAMBIOS DO RÉXIME OU ESTATUTO XURÍDICO OU DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN QUE CONLEVE UNHA MODIFICACIÓN DO SEU NIF (DENOMINACIÓN XURÍDICA) (CD/CC)	26

2.5 ESCISIÓNS DE PERSOAS XURÍDICAS OU DE AGRUPACIÓNS DE PERSOAS FÍSICAS. INCLUÍDAS AQUELAS DEBIDAS A ESCISIÓNS PARCIAIS CON CONTINUACIÓN DA SOCIEDADE INICIAL (ES)	27
2.6 FUSIÓNS OU AGRUPACIÓNS EN PERSOAS XURÍDICAS OU ENTES DE PERSONALIDADE XURÍDICA, INCLUÍDAS AS FUSIÓNS POR ABSORCIÓN CON CONTINUACIÓN DUNHA DAS SOCIEDADES (FU)	29
2.7 TRANSMISIÓNS INTER-VIVOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO: XUBILACIÓNS DA ACTIVIDADE AGRARIA NA QUE O CESIONARIO DOS DEREITOS SEXA FAMILIAR DE PRIMEIRO GRAO DO CEDENTE E PROGRAMAS APROBADOS DE CESE ANTICIPADO OU INCAPACIDADE LABORAL PERMANENTE DO CEDENTE (HA)	30
2.8 HERDANZAS, LEGADOS E USUFRUCTOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO (HEI) ...	31
2.9 RENUNCIA VOLUNTARIA A FAVOR DA RESERVA NACIONAL (RV)	32
2.10 CESIÓNS DE DEREITOS ACTIVADOS NO RÉXIME SIMPLIFICADO DE PEQUENOS AGRICULTORES	32
3 ANEXOS.....	34
ANEXO I: CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO ENTRE CÓNXUXES	35
DECLARACIÓN DO RÉXIME ECONÓMICO	35
ANEXO II: CESIÓN DPB AGRICULTOR QUE INICIA ACTIVIDADE AGRARIA	36
ANEXO III: ACORDO TRIPARTITO PARA A CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO NO CASO DE EXPLOTACIÓN CON BASE TERRITORIAL ARRENDADA	38
ANEXO IV: CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO ARRENDAMENTO CON TERRAS.....	39
ANEXO V: DECLARACIÓN PARA CESIÓN POR CAMBIO DE ESTATUTO XURÍDICO EN CAMBIO DE DENOMINACIÓN	40
ANEXO VI: DECLARACIÓN PARA CESIÓN DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR ESCISIÓNS	41
ANEXO VII: DECLARACIÓN PARA CESIÓN DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR FUSIÓN	42
ANEXO VIII: MODELO SINATURA CEDENTE/CESIONARIO	43
ANEXO IX: CADRO RESUMO CESIÓNS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO	44

1. INTRODUCCIÓN

O presente manual ten por obxecto establecer un procedemento e uns criterios unánimes para presentar as cesións de dereitos de pago básico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este manual toma como referencia a Circular de Coordinación “*Gestión de las comunicaciones de cesiones de derechos de pago básico*”, nº 1/2020, campaña 2021 e o Real Decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pago básico da Política Agrícola Común, **modificado polo RD 41/2021, de 26 de xaneiro polo que se establecen as disposicións específicas para aplicación nos anos 2021 e 2022**.

Segundo o artigo 28.4 do Real Decreto 1076/2014, do 19 de decembro, os dereitos de pago básico so poderán transferirse a un agricultor considerado activo, salvo no caso de herdanzas no que non se exixira a condición de agricultor activo o herdeiro, sempre que este ceda os dereitos definitivamente.

Por outra banda, o artigo 28.1 do Real Decreto 1076/2014, do 19 de decembro, restrinxe a cesión de dereitos á mesma rexión onde se asignaron.

En canto ao Réxime simplificado para pequenos agricultores (RPA), o artigo 35.3 do Real Decreto 1076/2014, do 19 de decembro, di que os dereitos de pago activados nese Réxime non serán transferibles, salvo no caso de herdanzas ou transmisións intervivos, a condición de que o cesionario cumpra os requisitos para beneficiarse do réxime de pago básico e o cedente transfira tódolos dereitos de pago que posúa.

Na seguinte táboa móstrase un resumo dos distintos tipos de cesións:

Tipo de cesión	Definición
V1	Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra (20% de retención)
V2	Venda ou cesión definitiva de tódolos dereitos de pago básico sen terra en caso de cedentes con importes de pago básico inferiores a 300€
V3	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor que inicia a actividade agraria
V4.1	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico con terra (hectáreas admisibles)
V4.2	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico mediante contrato tripartito (hectáreas admisibles)
V4.3	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal (hectáreas admisibles)
V4.4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico asociada á finalización dun arrendamento de terras con devolución ao propietario das terras (hectáreas admisibles)
V4.5	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico por parte dun herdeiro que non é agricultor activo, acompañada de venda ou

	arrendamento de terras (hectáreas admisibles)
V4.6	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico con permuta de terras
V5	Venda de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou cesionario vise modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública.
V6	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo
AA	Finalización anticipada de arrendamento de dereitos de pago básico
AC	Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou cesionario vise modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública.
AF	Finalización de arrendamentos de dereitos de pago básico
AJ	Arrendamentos de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo
AR	Arrendamentos de dereitos de pago básico con terra (hectáreas admisibles) ou prorroga dunha cesión AR aceptada con anterioridade
AS	Arrendamentos de dereitos de pago básico sen terra (20% de retención)
CD/CC	Cambios de réxime ou estatutos xurídicos do titular que leven un cambio de NIF
ES	Escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas
FU	Fusións ou agrupacións de persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica
HA	Xubilacións da actividade agraria nas que o ou os cesionarios dos dereitos de pago básico sexan familiares de primeiro grao do cedente e programas de cesamento anticipado ou incapacidade laboral permanente do cedente
HE	Herdanzas
RV	Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional

2. TIPOS DE CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO

2.1.COMPRAVENDA DE DEREITOS

A venda de dereitos de pago básico pode ser con terra ou sen terra. Se a venda de dereitos se fai sen terra, a retención que se aplica é do 20%, excluindo desta peaxe as cesións definitivas onde o cesionario é un agricultor que inicia a actividade agraria, venda ou arrendamento de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo, cando o cedente percibe menos de 300€ do importe total dos seus dereitos de pago básico e transfira de xeito definitivo a totalidade dos dereitos por venda e a venda dereitos sen terra onde o cedente ou o cesionario vise modificada a súa superficie nalgunha rexión a causa dunha intervención pública.

Os tipos de cesión de compravenda poden ser:

➤ Sen terra:

- Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra
- Venda sen terra da totalidade dos dereitos dun produtor que percibe menos de 300€ do importe total dos seus dereitos de pago básico.
- Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor que inicia a súa actividade agraria
- Venda de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou o cesionario vise modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública.
- Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra a un agricultor mozo

➤ Con terra:

- Venda de dereitos con terra ou cesións asimiladas, hectáreas admisibles:
 - Cesión definitiva de dereitos acompañada de venda parcial ou total da explotación.
 - Cesión definitiva de dereitos mediante contrato tripartito entre dous arrendatarios e o propietario das terras
 - Cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal (hectáreas admisibles)
 - Finalización de arrendamento de terras
 - Herdeiro que cede definitivamente os dereitos con arrendamento de terras
 - Cesión definitiva de terras acompañada dunha permuta de terras

A continuación vamos ver cada tipo de cesión en detalle. Para elo, vamos facer unha táboa resumo coa peaxe, documentación, tributación e algúns exemplos para cada cesión. Dentro da documentación dividimos en documentación xeral, que é común para tódalas cesións e documentación específica, que varía en función de cada cesión.

2.1.1. Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra (V1)

Neste caso so é necesario presentar a cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

Neste tipo de cesión V1 non temos documentación específica.

Táboa resumo cesión V1

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V1	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra	20
Documentación V1		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que non ten hectáreas admisibles suficientes para xustificar a totalidade dos dereitos asignados nunha determinada rexión e cede os seus dereitos • Cese de actividade • Persoa física ou xurídica que quere vender dereitos sen terras nunha determinada rexión 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.1.2. Venda sen terra da totalidade dos dereitos dun produtor que percibe menos de 300€ do importe total dos seus dereitos de pago básico (V2)

O cedente ten que percibir menos de 300€ do importe total dos seus dereitos de pago básico dos que é propietario e ten que ceder a totalidade de ditos dereitos. No caso de ter dereitos arrendados, a disposición de outro agricultor, a totalidade dos dereitos que ten arrendados máis os que quere ceder, non será superior os 300€. Se o cedente esta inmerso nunha cesión por herdanza ou transmisión inter-vivos na mesma campaña e a suma dos importes sexa superior os 300€, haberá que mirar a data de ámbalas cesións. Se a herdanza ou transmisión inter-vivos é anterior ou simultánea a compravendas sen terras, e a totalidade dos dereitos recibidos e propios é superior aos 300€, non poderá acollerse a este tipo de cesión. En tódolos casos a C.A encargarse de verificar que o cedente percibe menos de 300€.

No caso de que os cedentes estean no réxime de pequenos agricultores terán que renunciar a dito réxime para poder ceder os dereitos por compravenda.

Para este tipo de cesión é necesario presentar unha comunicación de cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario. Neste tipo de cesión V2 so temos documentación xeral, non hai documentación específica.

Táboa resumo da cesión V2

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V2	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra en caso de cedentes con importes totais de pago básico inferiores aos 300€	0
Documentación V2		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que ten uns importes de pago básico inferiores aos 300€ e vende a totalidade dos dereitos • Persoa física ou xurídica que pertence o réxime de pequenos agricultores e cede os dereitos por compravenda, renunciando antes a dito réxime. 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.1.3. Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor que inicia a súa actividade agraria (V3)

Neste caso o cesionario terá que ser agricultor titular ou co titular dunha explotación agraria e estar dado de alta na Seguridade Social, segundo a lexislación vixente, dende o ano natural anterior a campaña ata fin de prazo de modificación da solicitude única desa mesma campaña, como data límite.

No caso de que dito cesionario sexa unha sociedade que non teña traballadores por conta allea, non ten que estar inscrita como tal no Rexistro de Empresarios da Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 138, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Por contra, o socio que exerza o control da empresa terá que estar dado de alta no réxime da SS correspondente a actividade agraria que determine a súa incorporación.

O cesionario non exercerá a actividade agraria nos cinco anos anteriores a súa incorporación, dita incorporación virá marcada pola data de alta na SS por unha actividade agraria. Para comprobar este requisito verificarase que o cesionario non percíbise ingresos ou rendas procedentes de calquera actividade agraria, nin axudas comunitarias ou nacionais nos cinco anos anteriores.

No caso de que o cesionario sexa unha persoa xurídica, o novo agricultor que teña a titularidade ou co titularidade da explotación e realiza o control efectivo, será quen ten que cumprir o requisito de non ter exercido a actividade agraria nos cinco anos anteriores a data de comezo da nova actividade e estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente a actividade agraria que determine a súa incorporación , ademais de cumprir co resto de requisitos como novo agricultor. Para comprobar isto verificarase que o socio ou grupos de socios que inician a actividade agraria teñen potestade de decisión dentro da persoa xurídica , o que esixe que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social desta e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro da mesma, coa excepción das explotacións con titularidade compartida nos que chegará con unha participación do 50%.

Táboa resumo cesión V3

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V3	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor que inicia a súa actividade agraria.	0
Documentación V3		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none">NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta)CIF/NIF do cesionario	

	<ul style="list-style-type: none"> • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas)
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración expresa na que se indique que os familiares de primeiro grao , en consanguinidade ou afinidade, xa incorporados á actividade agraria, non comparten uso de maneira simultánea co cesionario, para as unidades de produción polas que se lle concederon dereitos de pago básico a ditos familiares (ANEXO II) • Documento que acredite a data de alta na Seguridade Social, correspondente a actividade agraria que determinou a súa incorporación. • Documentación oficial que acredite que a explotación non forma parte dos bens gananciais, en caso de estar casado neste réxime ou nun réxime similar e o cónxuxe estea incorporado á actividade agraria. • No caso de persoas xurídicas, documento que acredite a porcentaxe de participación das persoas que inician a actividade no capital social da sociedade.
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que non ten hectáreas admisibles para xustificar a totalidade dos dereitos asignados nunha determinada rexión e vende ditos dereitos a un agricultor que comeza súa actividade agraria (persoa física ou xurídica) • Persoa que cesa a actividade e vende os seus dereitos a un agricultor que comeza súa actividade agraria (persoa física ou xurídica) • Persoa física ou xurídica que quere vender dereitos sen terra nunha determinada rexión e vende ditos dereitos a un agricultor que comeza súa actividade agraria (persoa física ou xurídica) • Cónxuxes en réxime de bens gananciais, nos que a explotación non pertence ao réxime de bens gananciais. 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 	

2.1.4. Venda de dereitos con terra ou cesións asimiladas, hectáreas admisibles (V4)

Neste tipo de cesións incluimos os seguintes tipos:

- A cesión definitiva de dereitos acompañada de venda parcial ou total da explotación
- A cesión definitiva de dereitos mediante contrato tripartito entre dous arrendatarios e o propietario das terras

- Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal
- Finalización de arrendamento de terras
- Herdeiro que cede definitivamente os dereitos con arrendamento de terras
- Cesión definitiva de dereitos acompañada dunha permuta de terras

2.1.4.1. Cesión definitiva de dereitos acompañada de venda parcial ou total da explotación (V4.1)

Ten que presentarse unha comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

O número de dereitos vendidos ou cedidos terá que ser sempre menor ou igual ao número de hectáreas admisibles.

Táboa resumo cesión V4.1

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico con terra (hectáreas admisibles)	0
Documentación V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura pública ou documento privado liquidado de impostos da compravenda de terras (día seguinte á data final para a modificación da solicitude única da campaña anterior e o fin de prazo de modificación da solicitude única da presente campaña) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que decide vender parte dos seus dereitos nunha rexión vinculados a unhas hectáreas admisibles • Persoa física ou xurídica que cesa a súa actividade (suponse que transfere a súa 		

explotación) <ul style="list-style-type: none"> • Herdeiro que non é agricultor activo e cede definitivamente os seus dereitos recibidos por herdanza xunto con unha compravenda de terras.
Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias

2.1.4.2. Cesión definitiva de dereitos mediante contrato tripartito entre dous arrendatarios e o propietario das terras (V4.2)

Neste tipo de cesión ten que presentarse unha comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

O número de dereitos vendidos ou cedidos sempre será menor ou igual ao número de hectáreas admisibles. Neste caso, as parcelas das que remata o arrendamento para o cedente dos dereitos deben ser as mesmas que arrenda o cesionario dos mesmos.

Táboa resumo cesión V4.2

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico mediante contrato tripartito (hectáreas admisibles)	0
Documentación V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura pública ou documento privado liquidado de impostos do arrendamento de terras • Acordo tripartito entre as partes para a cesión de dereitos no caso de explotacións con base territorial arrendada, segundo o modelo Anexo VI do Real Decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de pago básico da Política Agrícola Común, modificado polo Real Decreto 1172/2015, do 29 de decembro (entre o día seguinte a data 	

	final para modificar a solicitude única da campaña anterior e o fin de prazo da modificación da solicitude única da campaña actual) (ANEXO III)
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Titular de dereitos de pago básico que leva terras arrendadas e lle vende os dereitos de pago básico a outro titular mediante novo arrendamento do titular das terras ao cesionario e novo propietario dos dereitos. 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 	

2.1.4.3. Cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal (hectáreas admisibles) (V4.3)

A cesión definitiva de dereitos nos que o cedente tivese unha explotación gandeira con unha concesión de pastos comunais na campaña anterior que rematara na campaña da que se trate, mentres que o cesionario, tivera na campaña da que se trate, unha nova concesión de pastos comunais por parte da mesma entidade xestora para a súa explotación gandeira por, a lo menos, o mesmo número de hectáreas que deixara de recibir da entidade xestora do pasto comunal o cedente.

Ten que presentarse unha comunicación de cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

Táboa resumo cesión V4.3

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico acompañada dunha concesión nun pasto comunal (hectáreas admisibles)	0
Documentos V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento de concesión de pastos comunais por unha entidade pública xestora do pasto comunal (día seguinte da data final de modificación da solicitude única da campaña anterior e o fin de prazo da modificación da campaña actual) 	

Exemplos
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica con unha concesión de pastos comunais por parte dunha entidade xestora na campaña anterior pero non na campaña actual que cede os dereitos a unha persoa física ou xurídica con unha concesión nun pasto comunal na campaña actual, por parte da mesma entidade xestora que a do cedente na campaña anterior e por a lo menos o mesmo número de hectáreas que as que tivo o cedente na campaña anterior
Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21%

2.1.4.4. Finalización de arrendamento de terras (V4.4)

A finalización dun arrendamento de terras, anticipada ou non, con devolución ao propietario das terras e cesión definitiva dos dereitos ao mesmo. O propietario das terras, cesionario deste tipo de transmisións, debe cumprir a condición de agricultor activo para poder activar ou ceder os dereitos de pago básico recibidos por esta finalización de arrendamento de dereitos. O número de dereitos vendidos ou cedidos sempre será menor ou igual ao número de hectáreas admisibles.

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

No caso no que a propiedade da terra cambiara durante a vixencia do contrato de arrendamento, pero non posteriormente a súa finalización, e o novo propietario se subrogara a dito contrato como arrendador, a cesión de dereitos de pago básico coa devolución das terras farase a este novo propietario. Para verificalo, aportarase o contrato público ou privado de arrendamento de terras, liquidado de impostos, entre os propietarios inicial e final.

Táboa resumo cesión V4.4

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico asociada á finalización dun arrendamento de terras con devolución ao propietario das terras (hectáreas admisibles)	0
Documentos V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	

Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos públicos ou privados que acrediten un acordo ou razón pola que se finaliza o arrendamento de maneira anticipada
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica arrendatario das terras (cedente) que cede os dereitos a persoa física ou xurídica propietario das terras (cesionario) 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 	

2.1.4.5. Herdeiro que cede definitivamente os dereitos con arrendamento de terras (V4.5)

A cesión definitiva de dereitos que fai un herdeiro que non cumpre a condición de agricultor activo, dita cesión vai acompañada dun arrendamento de terras. O número de dereitos vendidos ou cedidos sempre será menor ou igual ao número de hectáreas admisibles

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario

Táboa resumo cesión V4.5

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico por parte dun herdeiro que non é agricultor activo, acompañada de venda ou arrendamento de terras (hectáreas admisibles)	0
Documentos V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura pública ou documento privado liquidado de impostos do arrendamento de terras (día seguinte a data final para a modificación da solicitude única da campaña anterior e fin de prazo de modificación da solicitude única da campaña actual) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Herdeiro no agricultor activo (cedente) que cede os dereitos a unha persoa física ou xurídica que é agricultor activo (cesionario) 		

Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias

2.1.4.6. Cesión definitiva de dereitos acompañada dunha permuta de terras (V4.6)

Na cesión definitiva de dereitos acompañada dunha permuta de terras, os dereitos que se transfiren deben formar parte do mesmo lote ou obxecto de transacción cas terras. O número de dereitos vendidos ou cedidos sempre será menor ou igual ao número de hectáreas admisibles.

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario

Se as contra prestacións foran parte en diñeiro e parte en especie, o contrato será cualificado como permuta se indica a intención manifesta dos contratantes. A falta de indicación manifesta, considerase permuta se o valor da cousa é superior o da parte que se paga en diñeiro. En caso contrario, considerase compravenda.

Táboa resumo cesión V4.6

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V4	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico con permuta de terras.	0
Documentos V4		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Contrato de permuta de terras liquidado de impostos (entre o día seguinte a data de remate para a modificación da solicitude única da campaña anterior e o fin de prazo para a modificación da solicitude única da campaña actual) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.1.5. Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou o cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública (V5)

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario

No caso do cedente, o número de dereitos que poderán acollerse a este tipo de cesión, serán soamente aqueles que trala intervención pública e o correspondente procedemento de axuste e adaptación no marco do SIXPAC por parte da comunidade autónoma, non poden ser xustificadas mediante superficie na explotación resultante, porque se reduciu a superficie admisible nunha rexión determinada.

No caso do cesionario, o número de dereitos que poderán acollerse neste tipo de cesión, serán soamente os necesarios para activar as hectáreas das rexións onde a superficie aumentou trala intervención pública e o correspondente procedemento de axuste e adaptación no marco do SIXPAC por parte da C.A

Táboa resumo cesión V5

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V5	Venda de dereitos de pago básico sen terra onde o cedente ou cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública.	0
Documentos V5		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento público que acredite a expropiación e a data oficial da primeira comunicación relativa a expropiación dos terreos 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que necesita vender dereitos dunha determinada rexión onde lle diminuíron o número de hectáreas por un proceso de expropiación forzosa (cedente) • Persoa física ou xurídica que necesita vender dereitos dunha determinada rexión onde lle diminuíron o número de hectáreas por unha concentración parcelaria (cedente) • Persoa física ou xurídica que necesita aumentar os dereitos nunha determinada rexión onde viu incrementados o número de hectáreas por un proceso de expropiación forzosa (cesionario) 		

<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que necesita aumentar os dereitos nunha determinada rexión onde viu incrementado o número de hectáreas por unha concentración parcelaria (cesionario)
Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21%

2.1.6. Venda ou cesión definitiva de dereitos sen terra a un agricultor mozo (V6)

Ten que presentarse unha comunicación de cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario.

Para este tipo de cesión, considéranse mozos a aqueles cesionarios que cumpran tódolos requisitos para ser elixibles para o complemento de agricultores mozos, segundo o artigo 25 do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro. Isto inclúe a aqueles que, tras cumprir os requisitos no seu primeiro ano de solicitude ao pago complementario a mozos, seguiran sendo elixibles durante un máximo de cinco anos establecido para recibir dito pago segundo o artigo 26 do mesmo Real Decreto.

No caso de persoas físicas, os cesionarios teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- O cesionario non deberá ter máis de 40 anos de idade no ano de presentación da súa primeira solicitude de dereitos de pago básico.
- O cesionario terase instalado por primeira vez nunha explotación agraria como responsable da mesma, na mesma campaña da cesión ou nos cinco anos anteriores á primeira presentación dunha solicitude ao amparo do réxime de pago básico.
- Considerarase que un agricultor mozo é responsable da mesma se exerce o control efectivo a longo prazo no que respecta as decisións relativas á xestión, os beneficios e os riscos financeiros da explotación.
- A primeira instalación do agricultor mozo dende a data de alta no réxime da Seguridade Social (como responsable, non como colaborador) correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación. Terá que estar dado de alta na Seguridade Social, segundo o establecido na redacción vixente do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, a fin de prazo de modificación da solicitude única desa mesma campaña como data límite.
 - ✓ Para simplificar esta comprobación, entenderase que os agricultores mozos que dispoñen dun expediente con resolución favorable de concesión de axuda da primeira instalación no ámbito do PDR ou que se instalaran nunha explotación catalogada como prioritaria, cumpre os criterios de formación e capacitación axeitada no ámbito agrario, sempre que se poida xustificar o cumprimento a fin de prazo de modificación da solicitude única da campaña na que presente a comunicación de cesión.
 - ✓ No caso de non dispor de resolución favorable de concesión de axuda de primeira instalación no ámbito do PDR ou que non se instalara nunha explotación

catalogada como prioritaria, comprobarase que a fin de prazo de modificación da solicitude única da campaña na que se presenta a comunicación da cesión, cumpre os criterios de formación lectiva e experiencia profesional establecido no artigo 4.1 b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo de Modernización nos Programas de Desenvolvemento Rural desenrolados por cada C.A ou que está en posesión dunha titulación oficial de nivel equiparable ou superior no ámbito agrario.

No caso de persoas xurídicas:

- A lo menos, un agricultor mozo, que cumpra as condicións establecidas para as persoas físicas, exercerá un control efectivo a longo prazo sobre a persoa xurídica. A estes efectos, comprobarase que o agricultor mozo ou grupo de agricultores mozos teñen potestade de decisión dentro de dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro da mesma, coa excepción das explotacións de titularidade compartida na que o mozo poderá ter unha participación do 50%.
- No caso de que o cesionario sexa unha sociedade que non contara con traballadores por conta allea, non ten que estar inscrita como tal no Rexistro de Empresarios da Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 138, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Por contra, o socio que exerza o control da empresa terá que estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente a actividade agraria que determine a súa incorporación.

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
V6	Venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo.	0
Documentos V6		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento que acredite a data de alta na seguridade social (como responsable), correspondente a actividade agraria que determinou a súa incorporación. Cambio de titularidade da explotación. • Documento que xustifique que se dispón dun expediente favorable de concesión de axuda de primeira instalación no ámbito do PDR ou que se instalou nunha explotación catalogada como prioritaria. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Documento que acredite posuír un nivel de capacitación agraria suficiente, cumprindo os criterios de formación lectiva e experiencia profesional establecido no artigo 4.1 b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo de Modernización nos Programas de Desenvolvemento Rural de cada C.A ou documento que acredite estar en posesión dunha titulación oficial de nivel equiparable ou superior no ámbito agrario. Se ten axuda primeira instalación non é necesario.
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Agricultor mozo (cesionario, persoa física) • Agricultor mozo (cesionario, persoa xurídica, máis do 50% de participación dentro da persoa xurídica) • Agricultor mozo (cesionario, titularidade compartida, participación do 50% mínimo) 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 	

2.2. ARRENDAMENTO DE DEREITOS

O arrendamento de dereitos de pago básico, ao igual que as vendas poden facerse con ou sen terras. En tódolos casos de arrendamento de dereitos a finalización automática de dito arrendamento codificarase como AF ou como AA se é unha finalización anticipada

Os tipos de cesións por arrendamento que poden comunicarse son os seguintes;

➤ **Sen terra:**

- Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra
- Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra na que o cedente ou cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública vinculada a un proceso de expropiación forzosa ou a un programa público de concentración parcelaria.
- Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo.

➤ **Con terra:**

- Arrendamento de dereitos de pago básico con terra, **e comunicación de prorroga dunha cesión tipo AR aceptada anteriormente .**

2.2.1. Arrendamento de dereitos sen terra (AS)

Neste caso so é necesario presentar a cesión de dereitos firmada polo cedente e polo cesionario.

O peaxe aplicarase o arrendamento dos dereitos. Polo tanto, ó remate de dito arrendamento, con devolución dos dereitos ao seu propietario, non supón a aplicación dun novo peaxe

engadido. Con todo, o propietario dos dereitos terá que ser agricultor activo para poder actualalos ou volver a cedelos.

Táboa resumo cesión AS

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
AS	Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra	20
Documentos AS		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que non pode xustificar a totalidade dos dereitos que lle foron asignados nunha rexión nun determinado momento e quere arrendar ditos dereitos durante un período determinado para non perdilos (cedente) • Persoa física ou xurídica que pode xustificar máis dereitos dos que ten asignados nunha determinada rexión por ter máis hectáreas admisibles que dereitos (cesionario) 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.2.2. Arrendamento de dereitos sen terras onde o cedente ou cesionario vira modificada a súa superficie nalgunha rexión a causa dunha intervención pública (AC)

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario

No caso do cedente, o número de dereitos que poderán acollerse a este tipo de cesión, serán soamente aqueles que trala intervención pública e o correspondente procedemento de axuste e adaptación no marco do SIXPAC por parte da C.A, non poidan ser xustificados mediante superficie na explotación resultante, o producirse unha redución da superficie admisible nunha rexión determinada. Os dereitos que poidan xustificarse con hectáreas da súa rexión transmitiranse mediante outro tipo de cesión.

No caso do cesionario, o número de dereitos que poderán acollerse a este tipo de cesión, serán soamente os necesarios para activar as hectáreas das rexións onde a superficie se vira aumentada trala intervención pública e o correspondente procedemento de axuste e adaptación no marco do SIXPAC por parte da comunidade autónoma.

Táboa resumo cesión AC

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
AC	Arrendamento de dereitos sen terra onde o cedente vira modificada a súa superficie nalgunha rexión por mor dunha intervención pública	0
Documentos AC		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento público que acredite a expropiación e a data oficial da primeira comunicación relativa a expropiación dos terreos 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que quere arrendar dereitos dunha determinada rexión onde lle diminuíron o número de hectáreas por un proceso de expropiación forzosa (cedente) • Persoa física ou xurídica que quere arrendar dereitos dunha determinada rexión onde lle diminuíron o número de hectáreas por unha concentración parcelaria (cedente) • Persoa física ou xurídica que necesita aumentar os dereitos nunha determinada rexión onde viu incrementadas o número de hectáreas por un proceso de expropiación forzosa (cesionario) • Persoa física ou xurídica que quere aumentar os dereitos nunha determinada rexión onde viu incrementadas o número de hectáreas por unha concentración parcelaria.(cesionario) 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.2.3. Arrendamento de dereitos sen terra a un agricultor mozo (AJ)

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario. Este tipo de cesión ten os mesmos requisitos que a venda ou cesión definitiva de dereitos de pago básico a un agricultor mozo (V6), descritas no punto 1.2.6, na páxina 18 deste manual.

Táboa resumo cesión AJ

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
AJ	Arrendamento de dereitos de pago básico sen terra a un agricultor mozo	0
Documentos AJ		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento que acredite a data de alta na seguridade social (como responsable), correspondente a actividade agraria que determine a súa incorporación • Documento que acredite que dispón dun expediente con resolución favorable da concesión de axuda de primeira instalación no ámbito do PDR ou que se instalou nunha explotación prioritaria • Documento que acredite que cumpre os criterios de formación lectiva e experiencia profesional establecidos no artigo 4.1 b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo de Modernización das Explotacións Agrarias, que son acordes aos exixidos nos Programas de Desenvolvemento Rural da C.A ou documento que acredite estar en posesión dunha titulación oficial de nivel equivalente ou superior no ámbito agrario. Se ten axuda primeira instalación non é necesaria. 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que non pode xustificar tódolos dereitos que lle foron asignados nunha rexión por non ter superficie suficiente nun determinado momento e quere arrendar ditos dereitos durante un período de tempo (cedente) • Agricultor mozo (cesionario, persoa física) • Agricultor mozo (cesionario, persoa xurídica, máis do 50% de participación dentro da persoa xurídica) • Agricultor mozo (cesionario, titularidade compartida, participación do 50% mínimo) 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • IVE 21% 		

2.2.4. Arrendamento de dereitos de pago básico con terra, hectáreas admisibles (AR)

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario

O arrendamento de dereitos terá que ir acompañado da cesión dun número equivalente de hectáreas admisibles polo mesmo período de tempo.

Táboa resumo cesión AR

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
AR	Arrendamento de dereitos de pago básico con terra ou comunicación de prórroga dunha cesión de DPB aceptada en unha campaña anterior (hectáreas admisibles)	0
Documentos AR		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none">• NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta)• CIF/NIF do cesionario• CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas)• Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas)• No caso de ser unha prórroga de unha cesión de DPB por AR aceptada con anterioridade, só deberán presentar unha declaración responsable de continuación do arrendamento de terras asinada tanto polo arrendador como polo arrendatario, antes de fin prazo de comunicación de cesións da campaña.	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none">• Contrato de arrendamento de terras liquidado de impostos, entre o día seguinte a data final de modificación da solicitude única da campaña anterior e o fin de prazo de modificación da solicitude da campaña actual (a data acreditase co a presentación do modelo 600)• Declaración expresa por parte do cesionario, na que se indica o compromiso de que ditas parcelas van incluírse na declaración da PAC ata a finalización do arrendamento dos dereitos. (ANEXO IV)	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none">• Persoa física ou xurídica que cede dereitos vinculados a superficie en arrendamento (cedente)• Persoa física ou xurídica que arrenda dereitos vinculados a unha superficie		

(cesionario)
Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias..

2.3.FINALIZACIÓN DE ARRENDAMENTOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO

2.3.1. Finalización anticipada de arrendamento de dereitos de pago básico (AA)

Táboa resumo cesión AA

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
AA	Finalización anticipada de arrendamento de dereitos de pago básico	0
Documentos AA		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos públicos ou privados que acrediten o acordo ou razón pola que se finaliza o arrendamento de maneira anticipada 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Propietario das terras e dereitos (cedente) • Arrendatario das terra e dereitos (cesionario) 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • Non tributa 		

2.3.2. Finalización arrendamento de dereitos de pago básico (AF)

Esta tipoloxía tramitase de oficio, non se presentan cesións por AF

2.4 CAMBIOS DO RÉXIME OU ESTATUTO XURÍDICO OU DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN QUE CONLEVE UNHA MODIFICACIÓN DO SEU NIF (DENOMINANCIÓN XURÍDICA) (CD/CC)

Para tramitar este tipo de cesións terase en conta o seguinte:

- Comprobarase se o titular tivo que modificar o seu NIF como consecuencia dun cambio de persoa física a persoa xurídica ou debido a unha modificación do réxime xurídico da sociedade. A circunstancia que fai necesario este cambio de NIF terá que xustificarse documentalmente en base ó feito que a determinou en cada caso.
- Exemplos de documentación exigible: escritura de constitución dunha nova persoa xurídica pola persoa física anterior coa inscrición do novo NIF no Rexistro Mercantil; ou a escritura de transformación dunha sociedade limitada en sociedade anónima xunto coa inscrición do novo NIF no Rexistro mercantil, etc...
- Para evitar a creación de condicións artificiais que poidan acontecer ao usar os cambios do réxime xurídico do titular para eludir a aplicación de peaxes nas compravendas sen terras, terase que comprobar que o agricultor ou grupo de agricultores que exercían o control da explotación inicial en termos de xestión , beneficios, e riscos financeiros tamén xestiona a nova explotación, o que exige que a súa participación no capital social e os dereitos de voto na persoa xurídica final sexan a lo menos os mesmos que na persoa xurídica inicial.
- Os cambios de nome (persoa física) ou de razón social (persoa xurídica) que non supoñan un cambio de NIF comunicaranse directamente a GPB sen tramitar ningún tipo de cesión.

Comunicación da cesión firmada tanto polo cedente como polo cesionario

Táboa resumo cesión CD/CC

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
CD/CD	Cambios do réxime ou estatuto xurídico do titular que leven un cambio de NIF	0
Documentos CD/CC		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Copia da escritura pública de constitución da sociedade ou transformación da anterior • Cambio de titularidade da explotación 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración de que o representante da sociedade anterior que exercía o control sobre a mesma é o mesmo representante na sociedade actual despois do cambio (habería que comprobalo nas escrituras) (ANEXO V) • Documentación, no caso de titularidade compartida, da inscrición da explotación no Rexistro de explotacións de titularidade compartida. • Documento acreditativo do cambio de denominación (libro de familia) ou do estatuto xurídico • Declaración xurada de que os cónxuxes están en réxime de gananciais (ANEXO I)
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Cambio de persoa física a xurídica ou viceversa • Comunidade de bens que se transforma en persoa xurídica • Transformación societaria da persoa xurídica • Cesión entre cónxuxes en réxime de bens gananciais, cando a transferencia de dereitos sexa total • Cesión a unha explotación de titularidade compartida da que a persoa cedente forma parte 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias 	

2.5 ESCISIÓNS DE PERSOAS XURÍDICAS OU DE AGRUPACIÓNS DE PERSOAS FÍSICAS. INCLUÍDAS AQUELAS DEBIDAS A ESCISIÓNS PARCIAIS CON CONTINUACIÓN DA SOCIEDADE INICIAL (ES)

A escisión dun agricultor na acepción do apartado b) do artigo 3 do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro, considerarase cando resulte en:

- A lo menos dous novos agricultores distintos no sentido da citada definición de agricultor (non teñen que ter dereitos os dous, caso dunha sociedade que se dissolve), dos cales a lo menos un permanece controlado, en termos de xestión, beneficios e riscos financeiros, por a lo menos unha das persoas físicas ou xurídicas que inicialmente xestionaban a explotación, ou;
- Agricultor inicial e a lo menos un novo agricultor distinto na acepción da citada definición
- Tramitaranse por este caso tamén, as cesións de dereitos de pago básico entre cónxuxes en réxime de bens gananciais ou equivalentes, cando a transferencia de dereitos sexa parcial de xeito que o cesionario e o seu cónxuxe se repartan os dereitos da

explotación, incluídas a separacións de bens e a separación, divorcio ou nulidade matrimonial no caso de réxime de bens gananciais ou equivalente.

Táboa resumo cesión ES

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
ES	Escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas	0
Documentos ES		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documento público que reflecta a escisión asinado por tódalas partes e no que se indique a porcentaxe da explotación que pasa a cada novo titular, axuntando a documentación da localización das parcelas transferidas. • Cambio de titularidade da explotación • Declaración de que o representante da sociedade que exerce o control sobre á mesma é a lo menos un dos membro que a escindiron (ANEXO VI) 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Escisión total ou parcial dunha persoa xurídica ou comunidade de bens • Separación, divorcio ou nulidade matrimonial • Matrimonio en réxime de separación de bens gananciais ou réxime similar • Escisión por resolución de herdanza • Escisión de cónxuxes en réxime de bens gananciais, cando a transferencia de dereitos 		

sexa parcial.
Tributa
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias

2.6 FUSIÓN OU AGRUPACIÓN EN PERSOAS XURÍDICAS OU ENTES DE PERSONALIDADE XURÍDICA, INCLUÍDAS AS FUSIÓN POR ABSORCIÓN CON CONTINUACIÓN DUNHA DAS SOCIEDADES (FU)

Á vista do apartado b) do artigo 3 do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro, considerase agricultor, toda persoa física ou xurídica, ou todo grupo de persoas físicas ou xurídicas, que a súa explotación este sita en España e que exerza unha actividade agraria conforme ao establecido no capítulo II do citado Real Decreto.

De xeito que a fusión sería a unión de dous ou máis agricultores distintos nun novo agricultor, na acepción da definición anterior, controlado en termos de xestión, beneficios e riscos financeiros polos agricultores que inicialmente xestionaban as explotacións ou unha delas. Esta definición inclúe, segundo o criterio da Comisión Europea, a absorción de persoas físicas ou xurídicas por unha persoa xurídica.

Comunicación da cesión firmada tanto polo cedente como polo cesionario. O período no que se tiveron que facer ditas fusións abarca dende a data na que conclúe o prazo de modificación da solicitude única dunha campaña ata o fin de prazo de modificación da solicitude da campaña seguinte

Táboa resumo cesión FU

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
FU	Fusións ou agrupacións en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	0
Documentos FU		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Copias das escrituras públicas da sociedade actual e da resultante da fusión ou outros documentos acreditativos da mesma, onde se indique a data na que se levou a cabo. • Declaración na que se reconeza que a explotación resultante da fusión contén a totalidade das persoas físicas ou xurídicas que se fusionaron (ANEXO VII) 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración de que o representante da sociedade anterior que exercía o control sobre á mesma é o mesmo representante na sociedade actual despois do cambio. (ANEXO VII)
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Fusión de varias persoas físicas ou xurídicas en outra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica • Persoa física ou xurídica que entra a formar parte dunha persoa xurídica ou comunidade de bens 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias 	

2.7 TRANSMISIÓNS INTER-VIVOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO: XUBILACIÓNS DA ACTIVIDADE AGRARIA NA QUE O CESIONARIO DOS DEREITOS SEXA FAMILIAR DE PRIMEIRO GRAO DO CEDENTE E PROGRAMAS APROBADOS DE CESE ANTICIPADO OU INCAPACIDADE LABORAL PERMANENTE DO CEDENTE (HA)

Comunicación da cesión de dereitos firmada tanto polo cedente como polo cesionario. A comunicación de cesións presentarase na campaña de cesións nas que se produciu o feito causante ou, como moi tarde, na campaña de cesións inmediatamente posterior.

Táboa resumo cesión HA

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
HA	Xubilacións da actividade agraria nas que o ou os cesionarios dos dereitos sexan familiares de primeiro grao do cedente e programas aprobados de cesamento anticipado ou incapacidade laboral permanente do cedente	0
Documentos HA		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cedente cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Cambio da titularidade da explotación (transmítense tódolos dereitos da explotación) • Copia do libro de familia, onde se xustifica que o cedente e 	

	<p>cesionario son familiares de primeiro grao. Non é necesario no caso de incapacidade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documento público que acredite a circunstancia causante, a comunicación do INSS de resolución de dita xubilación ou recoñecemento de incapacidade laboral permanente
Exemplos	
	<ul style="list-style-type: none"> • Xubilación da persoa titular que cede os dereitos a familiar de primeiro grao • Xubilación da persoa titular por incapacidade laboral permanente
Tributa	
	<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias

2.8 HERDANZAS, LEGADOS E USUFRUCTOS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO (HEI)

Comunicación da cesión de dereitos firmada polo cesionario.

No caso de herdanzas de falecidos, considerarase a figura do representante ou administrador da comunidade herdeira, debidamente acreditado (acordo ou declaración entre os herdeiros), en tanto teña lugar o reparto de herdanzas.

Non se exige a condición de agricultor activo o herdeiro en caso de que este ceda definitivamente tódolos dereitos a un ou varios terceiros que si sexan agricultores activos. Esta última cesión poderá acompañarse de compra de terras ou de arrendamento de terras, pero comunicarse como cesión definitiva de dereitos (venta ou doazón) con terras, segundo o establecido na venda de dereitos sen terra ou cesións asimiladas, hectáreas admisibles (V4). No caso de non ir acompañada de terras responderá ao establecido na V1, V2, V3, V5 e V6.

Táboa resumo cesión HEI

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
HEI	Herdanzas	0
Documentos HEI		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do cesionario • CIF/NIF do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) • Acreditación do representante legal do cedente/cesionario (en caso de persoas xurídicas) 	
Documentación específica	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos públicos que acrediten de xeito fiable a herdanza • Documentación de acordo de repartición entre os herdeiros que permita identificar a repartición da explotación. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado de defunción e últimas vontades.
Exemplos	
<ul style="list-style-type: none"> • Falecido (cedente) 	
Tributa	
<ul style="list-style-type: none"> • ITP 8%, con reducións do 100% en caso de explotacións prioritarias 	

2.9 RENUNCIA VOLUNTARIA A FAVOR DA RESERVA NACIONAL (RV)

Comunicación de renuncia de dereitos a favor da reserva nacional.

Táboa resumo cesión RV

Código	Definición en SGA	Peaxe (%)
RV	Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	100
Documentos RV		
Documentación xeral	<ul style="list-style-type: none"> • NIF do solicitante (so en caso de que non autorice a súa consulta) • CIF/NIF do representante legal do cedente • Acreditación do representante legal do cedente 	
Exemplos		
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa física ou xurídica que cede os dereitos a favor da reserva nacional. 		
Tributa		
<ul style="list-style-type: none"> • Non tributa 		

2.10 CESIÓN DE DEREITOS ACTIVADOS NO RÉXIME SIMPLIFICADO DE PEQUENOS AGRICULTORES

- Os dereitos de pago básico activados no réxime simplificado de pequenos agricultores non serán transferibles, salvo nos casos de sucesións inter-vivos (HA) ou mortis causa (HEI)
- Se os cesionarios destas sucesións pertencen o RPA, e desexan seguir pertencendo a este réxime, os dereitos recibidos na sucesión non poderán acumularse os dereitos que serviron para incluílos no réxime simplificado. Soamente no caso de renuncia, poderá percibir o importe correspondente ao pago básico recibido na sucesión, así como importe correspondente ao seu propio pago básico.

- Se os cesionarios destas sucesións pertencen o réxime de pago básico herdarán os dereitos soamente co importe correspondente ao pago básico.
- Se os cesionarios destas sucesións foran novos agricultores, é dicir, non pertenceran ao réxime de pago básico nin ao réxime simplificado para pequenos agricultores, herdarán os dereitos con todo o importe que o integrase (pago básico, pago verde, complemento mozos e axudas asociadas) e participaran no réxime simplificado de pequenos agricultores a condición de que cumpran cos requisitos para beneficiarse do réxime de pago básico e que se cedan tódolos dereitos de pago que posúa o cedente.
- Por contra, as cesións de dereitos, distintas das sucesións inter-vivos ou mortis causa que posúa un agricultor incluído no réxime simplificado para pequenos agricultores, executarase tras a renuncia previa a este réxime. Por elo, o cedente comunicara á Autoridade competente a súa renuncia ao réxime de pequenos agricultores e, na mesma data ou data posterior, comunicara o tipo de cesión que se vai facer.

OLLO: Se a comunicación da cesión tivera unha data anterior a data de renuncia ó réxime de simplificado de pequenos agricultores ou esta non existira, non se aprobará a cesión.

- Durante a súa participación no réxime simplificado de pequenos agricultores, poderán recibir dereitos de pago básico, así como ceder dereitos de pago básico recibidos mediante cesión. Con todo, estes dereitos de pago básico adicionais, non se poderán activar polo pequeno agricultor e percibir o seu importe, mentres este permaneza no réxime simplificado. Se ao cabo de dúas campañas consecutivas non se activaran eses dereitos de pago básico adicionais, retiraranse con destino a reserva nacional.
- No caso concreto dun agricultor incluído no réxime simplificado de pequenos agricultores, que na campaña 2015 ademais tivese dereitos arrendados a outro agricultor, pertencente ou non ao réxime de pequenos agricultores, ao rematar o arrendamento poderá recibir os dereitos que tiña arrendados en forma de dereitos de pago básico. Pero, mentres pertenza ao réxime simplificado, non poderá activar salvo renuncia, aínda que si os poderá ceder. Do mesmo xeito, se ao cabo de dúas campañas consecutivas non se activan eses dereitos de pago básico, retiraranse con destino a reserva nacional.
- En canto a agricultores que recibiran asignación no 2015 pola súa condición de arrendatarios e foran incluídos no réxime simplificado para pequenos agricultores, dado que a transferencia de dereitos por finalización de arrendamento non se considera unha cesión, segundo disposto na definición do artigo 4, apartado 1 n) do Regulamento 1307/2013, do 17 de decembro, á finalización de dito arrendamento, os dereitos de pago básico arrendados devolveranse ao arrendador.
- No caso de novo cesionario que recibiu os dereitos por tipo HE/HA que continúe no RPA, terá que solicitarse a alta do mesmo na relación nacional de pequenos agricultores, de xeito contrario non poderá facerse a solicitude de ratificación nunha entidade colaboradora.

OLLO: Nestes casos NON debe gravarse unha renuncia do cedente, nin tampouco unha solicitude única polo réxime xeral no caso do cesionario.

3 ANEXOS

ANEXO I: CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO ENTRE CÓNXUXES

ANEXO II: CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO AGRICULTOR QUE INICIA A SÚA ACTIVIDADE AGRARIA

ANEXO III: ACORDO TRIPARTITO PARA A CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO NO CASO DE EXPLOTACIÓNS CON BASE TERRITORIAL ARRENDADA

ANEXO IV: CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO ARRENDAMENTO CON TERRAS

ANEXO V: DECLARACIÓN PARA CESIÓN POR CAMBIO DE ESTATUTO XURÍDICO EN CAMBIO DE DENOMINACIÓN

ANEXO VI: DECLARACIÓN PARA CESIÓN DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR ESCISIÓN

ANEXO VII: DECLARACIÓN PARA DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR FUSIÓN

ANEXO VIII: MODELO SINATURA CEDENTE/CESIONARIO

ANEXO IX: CADRO RESUMO

ANEXO I

CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO ENTRE CÓNXUXES

DECLARACIÓN DO RÉXIME ECONÓMICO

O/A CEDENTE:

D/D^a _____ con DNI _____ e

O/A CESIONARIO/A:

D/D^a _____ con DNI _____

DECLARAN

- Que son cónxuxes entre si
- Que o réxime económico do matrimonio é o de
 - Gananciais
 - Separación de bens

E para que conste e se teña en conta a efectos da comunicación da cesión de dereitos de pagamento básico, asinan esta declaración en

_____, a ____ de _____ do 20__

O/A CEDENTE

(Sinatura)

O/A CESIONARIO/A

(Sinatura)

ANEXO II

CESIÓN DPB AGRICULTOR QUE INICIA ACTIVIDADE AGRARIA

Cesionario:

D/D^a _____
con DNI _____ e con enderezo en _____
localidade _____ Provincia _____

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Estar en réxime de separación de bens co seu cónxuxe _____
con DNI _____ (acompañado de documentación acreditativa)
- Estar en réxime de bens gananciais co seu cónxuxe _____
con DNI _____, que NON está incorporado/a á actividade agraria.
- Estar en réxime de bens gananciais co seu cónxuxe _____
con DNI _____, que está incorporado/a á actividade agraria, sen que a explotación forme parte dos bens gananciais.
- Non ter familiares de primeiro grao por afinidade ou consanguinidade incorporados á actividade agraria.
- Ter os seguintes familiares de primeiro grao por afinidade ou consanguinidade incorporados á actividade agraria.

NIF	NOME	PARENTESCO

e non comparte con eles unidades de produción polas que se teñen xerado dereitos de pagamento básico

En _____, a ____ de _____ do 20__

Asinado: _____

ANEXO III

ACORDO TRIPARTITO PARA A CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO NO CASO DE EXPLOTACIÓN CON BASE TERRITORIAL ARRENDADA

D/D^a _____ (3), con NIF _____, en
calidade de arrendador/a, mediante a sinatura do presente documento, acorda ceder a D/
D^a _____ (2), con NIF
_____, en calidade de NOVO arrendatario, as parcelas que figuran no contrato de
arrendamento que se acompaña, e que estiveron baixo contrato de arrendamento, agora
expirado, a disposición de D/D^a _____ (1), con NIF _____

Así mesmo, o NOVO arrendatario comprométese a incluír as parcelas obxecto de
arrendamento na súa solicitude da PAC mentres dure o contrato de arrendamento.

Os abaixo asinantes declaran que tódolos datos e documentos que aportan son certos,

En _____, a ____ de _____ do 20__

A parte arrendadora (propietaria das terras) (3)

Asinado: _____

A parte arrendataria (2) que comeza a nova relación contractual coa parte propietaria

Asinado: _____

A parte arrendataria (1) que finaliza a relación contractual coa parte propietaria

Asinado: _____

ANEXO IV

**CESIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO ARRENDAMIENTO CON
TERRAS**

CEDENTE: _____

CESIONARIO: _____

D/D^a _____ , con DNI
_____, actuando como cesionario na cesión de dereitos indicada, comprométese a
que as parcelas obxecto de arrendamento e que figuran no contrato que se xunta van a ser
incluídas nas declaracións da PAC posteriores á cesión e anteriores a finalización do
arrendamento de dereitos

En _____, a _____ de _____ do 20__

O CESIONARIO/A: _____

ANEXO V

**DECLARACIÓN PARA CESIÓN POR CAMBIO DE ESTATUTO XURÍDICO EN
CAMBIO DE DENOMINACIÓN**

CESIONARIO

D/D^a _____, con
DNI _____, como representante legal da _____

DECLARA

Que o representante da sociedade anterior que exercía o control sobre a mesma, é o mesmo representante na sociedade actual despois do cambio

En _____, a ____ de _____ do 20____

Asinado: _____

ANEXO VI

DECLARACIÓN PARA CESIÓN DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR ESCISIÓN

CESIONARIO

D/D^a _____, con
DNI _____, como representante legal da _____

DECLARA

Que o representante da sociedade anterior que vai exercer o control sobre a mesma é un dos membros que se escindiron

En _____, a ____ de _____ do 20____

Asinado: _____

ANEXO VII

DECLARACIÓN PARA CESIÓN DEREITOS DE PAGO BÁSICO POR FUSIÓN

CESIONARIO

D/D^a _____, con
DNI _____, como representante legal da _____

DECLARA

1. Que a explotación resultante da fusión presentada, está formada pola totalidade das persoas

Físicas

Xurídicas

que se fusionaron

2. Que o representante da sociedade que exerce o control sobre a mesma é ao menos un dos membros que se fusionaron

En _____, a ____ de _____ do 20____

Asinado: _____

ANEXO VIII: MODELO SINATURA CEDENTE/CESIONARIO

Documento que debe cubrirse en todas as cesións e incorporarse ao expediente electrónico

Solicitud de cesión de dereitos de pago básico. Campaña 20__	
Número cesión: _____	Data cesión: _____
Datos cedente	
NIF/CIF:	Nome ou razón social:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Representante cedente (so en caso de representante):	
NIF/CIF:	Nome ou razón social:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Datos cesionario	
NIF/CIF:	Nome ou razón social:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Representante cesionario (so en caso de representante):	
NIF/CIF:	Nome ou razón social:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Sinatura cedente/representante cedente:	Sinatura cesionario/representante cesionario:
Asinado: En _____ o ____ de _____ do 20__	Asinado: En _____ o ____ de _____ do 20__

ANEXO IX: CADRO RESUMO CESIÓNS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO

EXEMPLOS CESIÓNS DE DEREITOS DE PAGO BÁSICO				
ACTO XURÍDICO	CASUÍSTICA CESIÓN	% PARTICIPACIÓN	TIPOLOXÍA CESIÓN	% PEAXE
CONSTITUCIÓN SOCIEDADE	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" que non aporta dereitos de pago básico nin se da de alta na seguridade social na actividade agraria	Socio "A" ten máis do 50% de participación	CD	0%
	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" que non aporta dereitos de pago básico nin se da de alta na seguridade social na actividade agraria	Socio "A" <u>NON</u> ten máis do 50 % de participación	VENDA	20 %
	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" que inicia a actividade agraria	Socio "B" ten máis do 50 % (socio que inicia a actividade agraria)	FUSIÓN	0%
	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" que é agricultor mozo	Socio "B" ten máis do 50% (socio agricultor mozo)	FUSIÓN	0%
	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" que inicia actividade agraria	O socio "B", que inicia a actividade agraria, <u>NON</u> ten máis do 50%	FUSIÓN	0%
	Sociedade formada por socio "A" que aporta dereitos de pago básico e socio "B" agricultor mozo	Socio "B", agricultor mozo, <u>NON</u> ten máis do 50% de	FUSIÓN	0%

		participación e o socio “A” ten máis do 50%		
	Sociedade formada por socio “A” que aporta dereitos de pago básico e socio “B” agricultor mozo	Socio “A” e socio “B” ao 50% de participación	FUSIÓN	0%
	Sociedade “A” transfórmase a sociedade “B”, mesmos socios e mesma porcentaxe de participación, ou mesmos socios onde os que tiñan o control (máis do 50%) segan mantendo o mesmo porcentaxe ou o incrementen		CD	0%
	Sociedade “A” transfórmase en sociedade “B” mediante escritura pública asentada no rexistro mercantil, con independencia da existencia de cambios na estrutura da sociedade		CD	0%
	Socio “A” que pertence a unha sociedade, da cal decide marchar, levando os dereitos e as terras que lle pertencen e decide crear unha nova sociedade “B” co seu cónxuxe e co fillo, ámbolos dous dados de alta na actividade agraria		ES + FU	0%
DISOLUCIÓN SOCIEDADE	Sociedade formada por dous socios: o socio “A” continúa coa explotación e cos dereitos de pago básico e o socio “B” deixa a actividade agraria por xubilación.		ES	0%
	Sociedade formada por dous socios; o socio “A” continúa coa explotación e o socio “B” deixa a actividade agraria por un motivo distinto a xubilación ou cese anticipado por incapacidade		ES	0%

	Dous ou máis socios: o socio “A” sae da sociedade e leva consigo os dereitos de pago básico que lle correspondan		ES	0%
	Dous ou máis socios que disolven a sociedade e repártense os dereitos de pago básico segundo corresponda		ES	0%
RÉXIME MATRIMONIAL	Divorcio ou separación con reparto de dereitos de pago básico entre os cónxuxes		ES	0%
	Divorcio ou separación pasando tódolos os dereitos de pago básico ao cónxuxe que non era titular de ditos dereitos		VENDA	20%
	Divorcio ou separación onde os dereitos de pago básico continúan ao nome do mesmo titular		Non se tramita nada	
	Cambio de titularidade entre cónxuxes en réxime de bens gananciais		CD	0%